

VIXILANCIA DA GRIPE EN GALICIA


tempada 2022/23

compre tomar os datos deste informe con cautela, xa que os diferentes sistemas de vixilancia están afectados polo impacto da COVID-19

RCM: número de consultas (casos) por gripe entre número de médicos que as rexistraron **c/10⁵h:** casos por cen mil habitantes. **i/10⁵h:** ingresos por cen mil habitantes

Vixilancia cos rexistros de gripe en atención primaria: Na semana 40/2022 (que rematou o 9 de outubro e da comezo á tempada 2022/23), a vixilancia baseada nos rexistros de gripe na atención primaria do Sergas amosa que a RCM fica por riba do limiar que da paso ao nivel de intensidade baixa (Figura 1). A diferenza doutras tempadas por estes datos, a o valor da RCM, que xa viña medrando nas últimas semanas, non se considera un achado accidental porque o número de médicos que rexistraron alomenos un caso é suficientemente elevado.

A taxa de consultas no conxunto de Galicia acadou os 15 c/10⁵, con valores semellantes en todas as provincias agás a de Ourense, na que se observou unha taxa de consultas menor (7 c/10⁵). Entre os grupos de idade hai unha diferenza moi importante na taxa de consulta dos de 0 a 4 e 5 a 19 anos, con preto de 50 c/10⁵, e o resto de grupos de idade, nos que non se superan os 10 c/10⁵.



ACTIVIDADE GRIPAL

(definicións en: [ligazón](#))

Intensidade: Baixa

Tendencia: Crecente

Difusión: Esporádica

Vixilancia microbiolóxica: No que atinxe á vixilancia microbiolóxica, na que participan os laboratorios de microbioloxía dos hospitais CHUO, CHOP e CHUVI, na semana 40 a positividade das mostras estudadas para virus do tipo A foi do 8%. Esta positividade tamén viña medrando nas semanas anteriores. Non se detectaron virus dos tipo B ou C.

Os virus A subtipados eran A(H3N2).

Vixilancia hospitalaria de ingresos con gripe confirmada: Na semana 40 notificáronse 34 ingresos con gripe confirmada, dos que dous precisaron ingreso na UCI. As maiores taxas de ingreso observáronse nos grupos de 65 e máis e 0 a 4 anos de idade, con 2'9 e 2'1 i/10⁵h, respectivamente.